

Vas aprender a...

- recoñecer a materia e os seus estados e a diferenciar entre masa e volume
- identificar os materiais e as súas propiedades
- usar a regra dos tres erres
- coñecer as forzas
- identificar son, ruído e contaminación acústica

74

Ler a introdución. Despois na páxina seguinte ve o vídeo sobre **A materia**, que se corresponde coas páxinas 76 e 77 do libro.

Actividade 1.

de estado de forma de aspecto



2. Ordena de maior a menor peso:

4 1 3 2



3. Ordena de menor volume a maior volume:

1 3 2



4. Pensa e contesta:



– Cal é o cubo que ocupa maior volume?

O de maior volume é o a.

– En que cubo cabería máis auga? Por que?

No a. Porque ten máis capacidade.

Enlace de enterés para entender as propiedades da auga.

https://www.youtube.com/embed/Od-SO_YL5rk?wmode=transparent

Na páxina 78, a actividade podela facer coma un xogo.

Na páxina 79, comparede las calidades dos materiais cos que tedes a carón.

Pedirémoslle ao alumnado que nos digan se as seguintes afirmacións sobre os materiais son verdadeiras ou falsas:

- a) O barro e a plastilina son materiais moldeables. *Verdadeira.*
- b) Unha corda é un material moi fráxil. *Falsa.*
- c) Os ladrillos cos que traballa o albanel son duros e resistentes. *Verdadeira.*
- d) A madeira coa que está feito o violín é mol. *Falsa.*

6. Fíxate nestas formas de levar o almorzo ao recreo.
Cales respectan máis o medio natural? Por que?



O plátano porque non usa envases; o sándwich porque usa un envase reutilizable.

80

RECICLAR: obter un novo produto a partir dun material usado.

O vidro e algúns plásticos (como o das botellas) poden reciclarse. Lévanse a unhas fábricas onde os funden e volven ser material para fabricar novas cousas.

– Elixo un dos dous círculos e explico coas túas palabras:

Os envases de vidro bótanse no contedor verde para reciclalo. Van parar a unhas fábricas onde se rompen e se fai unha nova pasta para novos envases.



Non esquezades pasar polo ximnasio para practicar algún exercicio.

Aforramos enerxía. Preguntarémolle ao alumnado cales destas accións serven para aforrar enerxía:

- Usar lámpadas de baixo consumo.
- Deixar o ordenador en modo repouso.
- Darse un baño en vez dunha ducha.
- Apagar as luces se non son necesarias.
- Apagar o motor se se espera a alguén.
- Pechar os radiadores que non se precisan.
- Coller o coche para facer traxectos curtos.

Despois, de debater sobre as accións anteriores preguntaremoslles acerca das que eles realizan na casa, e sobre que máis fan para aforrar enerxía.

As forzas.

Ler antes os tipos de forzas.

Actividade 8.



Como podemos mover un barquiño sen tocalo? Realizaremos co alumnado o seguinte experimento:

1. Construiremos un barquiño con papel de aluminio.
2. Colleremos unha agulla de coser e fregarémola cun imán.
3. Poremos o barquiño, coa agulla dentro, nun bol de auga.
4. Colleremos un imán e achegáremolo ao barquiño sen tocalo.

Explicarémolles ao alumnado que a agulla de coser é de ferro. O ferro é un metal e, ao achegar o imán, a agulla é atraída por este e fai que o barquiño se mova na mesma dirección.

O son.

Neste enlace podesdes ver un vídeo con distintos sons de animais.

<https://www.youtube.com/embed/RMAKn1Qa5A0?wmode=transparent>

Temén tedes un enlace sobre os sons na parte superior dereita da páxina 89.

11. Rodea a característica destes sons:

longo curto forte débil agudo grave

12. Fíxate e contesta:



- Que características ten o son que se fai ao tradear? forte e molesto.
- Cres que hai contaminación acústica? Por que? Si. Porque o ruído é moi forte e prexudicial para a saúde.
- Necesita protexer os seus oídos para traballar?

Con que? Si, con oreilleiras.

Enlace de vídeo de sonidos de animais, casa y ciudad.

<https://www.youtube.com/embed/ZF29rHIRLZk?wmode=transparent>

A modo de xogo podemos escoitar e intentar adivinar que os produce.

O alumnado deberá sinalar a opción correcta das seguintes frases:

- O son é un ruído / unha vibración que captamos polo oído.
- O son que emite unha ambulancia é forte / débil / grave.
- O pranto dun bebé é un son débil / agudo / grave.
- Unha persoa xorda non ve / sente / percibe os sons.

Preguntarémolle ao alumnado cal destes lugares escollería para vivir se lle molesta o ruído: ao lado dun aeroporto, xunto a un hospital, nunha rúa sen saída ou no centro dunha cidade. Logo, entre todos realizaremos un debate no que xustificarán as súas respostas.

Facer unha balanza é opcional, deixoo á boa elección.


Historia da balanza. Explicarémolle ao alumnado que hai uns 5.500 anos, aproximadamente, o comercio era unha das actividades máis relevantes, especialmente en todo o referente ao troco dos produtos. Debido a isto, o pobo exipcio viuse na necesidade de inventar un instrumento para pesar e medir os produtos destinados á venda.

Estes son os inicios da historia da balanza exipcia. Este tipo de instrumento primitivo de medición consistía dunha columna cun astil atado cunha corda en cuxos extremos, á súa vez, se sostían unhas bandexas mediante outras cordas. Nestas bandexas era onde se colocaban, por un lado, a mercadoría que se quería pasar e, polo outro, unha pesa dun valor que debía ser convido (no que tiñan que estar de acordo).

Enlace con vídeo para reciclar botellas de plástico:

<https://www.youtube.com/watch?v=wU94rL6M-Cs>

Repasamos o máis salientable da unidade no Xa sei.



2. Completa as oracións:

- Para mover un obxecto, aplicamos unha forza sobre el.
- Podemos mover un obxecto por contacto ou a distancia.
- A forza que nos mantén no solo chámase forza da gravidade.

3. Como poden ser os sons segundo o seu ton? Escribe un exemplo de cada caso:

Resposta persoal. A modo de exemplo, suxerimos:

grave → tambor e baixo

agudo → campaina e bebé chorando

4. Cal destes comedeiros para paxaros se fixo con materiais reutilizados? Explica por que:



- O comedeiro fabricado con materiais reutilizados é o 2 porque está feito cunha botella de plástico e lapis.

5. Rodea as accións que contaminan acusticamente:

